



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 291
13 de abril de 2018



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Rexeitamento da toma en consideración

I 24332 (10/PPL-000012)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei de modificación orzamentaria para o impulso dun plan de mellora da atención primaria [93389](#)

I 25509 (10/PPL-000013)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei pola que se modifica a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, co obxecto de establecer un mecanismo compensatorio da repercusión do imposto sobre bens inmoables para as persoas arrendatarias de vivendas do parque público de vivendas da Comunidade Autónoma de Galicia [93389](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Rexeitamento da iniciativa

I 28401 (10/MOC-000079)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade, así como de atención ás persoas dependentes. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 26404, publicada no BOPG nº 267, do 27.02.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.03.2018) [93389](#)

I 28402 (10/MOC-000080)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto do actual modelo de revalorización das pensións contributivas no poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 27145, publicada no BOPG nº 272, do 07.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.03.2018) [93389](#)

I 28409 (10/MOC-000081)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co número de prazas de acceso á titulación de Medicina, e para evitar o déficit e precarización do emprego na sanidade pública. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 27038, publicada no BOPG nº 272, do 07.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.03.2018) [93390](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Aprobación sen modificacións

I 26713 (10/PNP-001893)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e oito deputados/as máis

Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia de medidas que fortalezan o Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, así como a elaboración dun programa de colaboracións cos centros de estudos xacobeos [93390](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 8161 (10/PNP-000757)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre o incremento por parte do Goberno galego do número de postos de traballo dos equipos de valoración da discapacidade en Galicia co fin de eliminar as listas de espera [93391](#)

I 27382 (10/PNP-001952)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e once deputados/as máis

Sobre o impulso polo Goberno galego das reformas legais oportunas para que a Xunta de Galicia poida defender os dereitos das vítimas e exercer a acción penal nos xuízos por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade da muller [93391](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 28329 (10/PNP-002041)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Egerique Mosquera, Teresa e 3 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co Manifesto para a flexibilización da obriga de desembarque das capturas realizadas pola frota da Unión Europea, elaborado pola Fundación Rendemento Económico Mínimo Sostible e Social [93392](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 26706 (10/PNP-001890)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co título de adquisición do Pazo de Meirás por Francisco Franco [93392](#)

I 27164 (10/PNP-001930)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central dun plan de compensación en materia ferroviaria que inclúa compromisos concretos especialmente dirixidos ao interior de Galicia [93392](#)

I 27978 (10/PNP-002003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade efectiva de mulleres e homes na Administración xeral e no sector público autonómico, nas empresas e no emprego, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto [93393](#)

I 28112 (10/PNP-002016)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado a modificación do Código penal e a derogación da Lei de seguridade cidadá para impedir a actual interpretación dos delitos de incitación ao odio e enaltecemento do terrorismo [93393](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

Aprobación sen modificacións

I 28312 (10/PNC-002223)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención e tratamento integral da violencia de xénero [93393](#)

Aprobación con modificacións

I 23389 (10/PNC-001862)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos casos de persoas doentes que padecen enfermidades raras incapacitantes e que non están incluídas no

sistema de prestacións previsto no Real decreto 1148/2011, así como o incremento pola Xunta de Galicia da partida orzamentaria destinada á investigación sanitaria [93394](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 23644 (10/PNC-001873)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para previr e combater a ludopatía entre a mocidade [93395](#)

I 27080 (10/PNC-002089)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención ás persoas con dano cerebral adquirido [93396](#)

I 27851 (10/PNC-002160)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o inicio pola Xunta de Galicia, antes do ano 2020, da construción dunha residencia pública para persoas maiores asistidas no concello da Estrada [93396](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 26416 (10/PNC-002041)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre a axilización polo Goberno galego da construción do novo centro de saúde de Poio e a súa dotación dos medios humanos e materiais necesarios, así como sobre o mantemento e a mellora da atención sanitaria que se está a prestar nos consultorios periféricos de Raxó e Combarro [93397](#)

I 27686 (10/PNC-002147)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia do Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela dos medios humanos e materiais necesarios demandados polo persoal do centro [93397](#)

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

1.3.7.1. Declaracións institucionais

Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 11 de abril de 2018, con motivo da celebración do Día Internacional do Pobo Xitano. [93397](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular

Admisión a trámite e publicación

I 28945 (10/PDC-000015)

Sobre o número de investigacións de incompatibilidades de funcionarios públicos realizadas pola Xunta de Galicia [93400](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

O Pleno do Parlamento, na sesión do 10 de abril de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da toma en consideración

- 24332 (10/PPL-000012)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei de modificación orzamentaria para o impulso dun plan de mellora da atención primaria

BOPG nº 250, do 31.01.2018

Sometida a votación, obtense o resultado de 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

- 25509 (10/PPL-000013)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei pola que se modifica a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, co obxecto de establecer un mecanismo compensatorio da repercusión do imposto sobre bens inmoables para as persoas arrendatarias de vivendas do parque público de vivendas da Comunidade Autónoma de Galicia

BOPG nº 261, do 15.02.2018

Sometida a votación, obtense o resultado de 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Rexeitamento da iniciativa

- 28401 (10/MOC-000079)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade, así como de atención ás persoas dependentes. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 26404, publicada no BOPG nº 267, do 27.02.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.03.2018)

BOPG nº 284, do 27.03.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 29 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.

- 28402 (10/MOC-000080)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto do actual modelo de revalorización das pensións contributivas no poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 27145, publicada no BOPG nº 272, do 07.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.03.2018)

BOPG nº 284, do 27.03.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 29 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.

- 28409 (10/MOC-000081)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co número de prazas de acceso á titulación de Medicina, e para evitar o déficit e precarización do emprego na sanidade pública. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 27038, publicada no BOPG nº 272, do 07.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.03.2018)

BOPG nº 284, do 27.03.2018

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Puntos 1 ao 4: rexeitados por 29 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.

Punto 5: rexeitado por 24 votos a favor, 36 votos en contra e 5 abstencións.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Aprobación sen modificacións

- 26713 (10/PNP-001893)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e oito deputados/as máis

Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia de medidas que fortalezan o Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, así como a elaboración dun programa de colaboracións cos centros de estudos xacobeos

BOPG nº 267, do 27.02.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 53 votos a favor, ningún voto en contra e 18 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a establecer unha serie de medidas e accións que fortalezan o Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago así como a elaborar un programa de colaboracións cos centros de estudos xacobeos.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 8161 (10/PNP-000757)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre o incremento por parte do Goberno galego do número de postos de traballo dos equipos de valoración da discapacidade en Galicia co fin de eliminar as listas de espera

BOPG nº 109, do 03.05.2017

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incrementar o número de postos de traballo dos equipos de valoración da discapacidade da nosa comunidade autónoma, co obxectivo de eliminar a lista de espera antes de finais de novembro de 2018, tanto nas solicitudes coma nas revisións das valoracións de discapacidade.»

- 27382 (10/PNP-001952)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e once deputados/as máis

Sobre o impulso polo Goberno galego das reformas legais oportunas para que a Xunta de Galicia poida defender os dereitos das vítimas e exercer a acción penal nos xuízos por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade da muller

BOPG nº 276, do 14.03.2018

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

— Promover as reformas legais oportunas para que a Xunta poida defender os dereitos das vítimas e exercer a acción penal nos xuízos por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade da muller.

— Que se dirixa ao Goberno de España para proceder ao recoñecemento do mobbing maternal.

— Garantir e asegurar a defensa dos dereitos das vítimas, procurando a asistencia integral con asesoramento psicolóxico e o acompañamento nos xulgados ata a finalización do procedemento, así

como o asesoramento laboral, penal e procesual das vítimas da violencia contra a muller poñendo todos os medios económicos e humanos á disposición das mulleres e dos seus fillos e fillas e axudando a paliar ata erradicar a violencia contra as mulleres.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 28329 (10/PNP-002041)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Egerique Mosquera, Teresa e 3 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co Manifesto para a flexibilización da obriga de desembarque das capturas realizadas pola frota da Unión Europea, elaborado pola Fundación Rendemento Económico Mínimo Sostible e Social
BOPG nº 284, do 27.03.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia manifesta o seu apoio ao Manifesto para a flexibilización da obriga de desembarque das capturas realizadas pola frota da UE, elaborado pola Fundación Rendemento Económico Mínimo Sostible e Social (FREMSS).»

Rexeitamento da iniciativa

- 26706 (10/PNP-001890)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co título de adquisición do Pazo de Meirás por Francisco Franco
BOPG nº 267, do 27.02.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 27164 (10/PNP-001930)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central dun plan de compensación en materia ferroviaria que inclúa compromisos concretos especialmente dirixidos ao interior de Galicia
BOPG nº 272, do 07.03.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 27978 (10/PNP-002003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade efectiva de mulleres e homes na Administración xeral e no sector público autonómico, nas empresas e no emprego, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

BOPG nº 280, do 21.03.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 28112 (10/PNP-002016)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado a modificación do Código penal e a derogación da Lei de seguridade cidadá para impedir a actual interpretación dos delitos de incitación ao odio e enaltecemento do terrorismo

BOPG nº 284, do 27.03.2018

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 2: rexeitado por 31 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

Resto dos puntos: rexeitados por 18 votos a favor, 53 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

Aprobación sen modificacións

- 28312 (10/PNC-002223)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención e tratamento integral da violencia de xénero

BOPG nº 284, do 27.03.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Crear un grupo de traballo dentro do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, sobre a prevención, sensibilización, detección e información sobre as violencias sexuais.

— Que deste grupo de traballo formen parte todas as administracións, colectivos e asociacións especializadas.

— Que se elabore un protocolo de acoso sexual para difundir e pór en marcha nas empresas galegas.

— Que se difunda e dea a coñecer o servizo xa existente na páxina web da Xunta de Galicia, dentro do mapa de recursos, concretamente o referido á Área de violencia de xénero: <https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa>.

2. Seguir ofrecendo atención especializada ás vítimas de violencia de xénero, entre as que se inclúen as vítimas de violencias sexuais, de acordo co disposto na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

3. Elaborar una macroenquisa galega sobre a incidencia da violencia de xénero ao longo do ciclo da vida das persoas.

4. Levar adiante un programa específico para o persoal da Administración pública en materia de prevención do acoso sexual.

5. Incluír a información referida ás violencias sexuais dentro do Informe anual de seguimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que se presenta no Parlamento de Galicia.

6. Incrementar no vindeiro exercicio orzamentario o orzamento consignado para a igualdade de xénero, así como a prevención e intervención no ámbito da loita contra a violencia de xénero.»

Aprobación con modificacións

- 23389 (10/PNC-001862)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos casos de persoas doentes que padecen enfermidades raras incapacitantes e que non están incluídas no sistema de prestacións previsto no Real decreto 1148/2011, así como o incremento pola Xunta de Galicia da partida orzamentaria destinada á investigación sanitaria

BOPG nº 247, do 25.01.2018

Sométese a votación por puntos, co resultado que se reflicte a seguir:

Punto A)1: rexeitado por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 1 abstención.

Punto A)2: aprobado por 11 votos a favor, 0 votos en contra e 1 abstención.

Punto B): rexeitado por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que revise e actualice o catálogo de enfermidades recollidas no Real decreto 1148/2011, do 29 de xullo, para a aplicación e desenvolvemento, no sistema da Seguridade Social, de prestación económica por coitado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 23644 (10/PNC-001873)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para previr e combater a ludopatía entre a mocidade

BOPG nº 251, do 01.02.2018

Sométese a votación a transacción coa emenda do G. P. de En Marea, doc. núm. 29212, e resulta aprobada pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a previr e combater a ludopatía entre a mocidade poñendo en marcha, entre outras, as seguintes medidas:

1. Habilitar mecanismos de control no risco de máquinas comecartos, con toda a urxencia posible, ao ser o risco de adicción máis estendido.
2. Establecer unha regulación clara, concisa e estrita sobre os distintos programas de incitación á práctica das diversas modalidades de xogo en liña, incidindo fundamentalmente na regulación da publicidade.
3. Realizar campañas de sensibilización e prevención da ludopatía, dotadas orzamentariamente, con proxectos dirixidos a menores e que incorporen a perspectiva de xénero.
4. Expor na Comisión de Xogo de Galicia (creada a través da Lei 14/85, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas de Galicia, como órgano de estudo, coordinación e asesoramento das actividades relacionadas coa práctica de xogos e apostas en Galicia) o desenvolvemento de defensa dos sectores máis vulnerables, especialmente os e as menores, aplicando o principio de responsabilidade da Administración para que se establezan mecanismos de regulación de obrigado cumprimento, priorizando os intereses da sociedade en xeral e non só os intereses dos axentes económicos.
5. Valorar a posibilidade de:
 - a) Realizar un estudo sobre a incidencia das condutas de risco relacionadas co xogo na poboación galega, distinguindo idade e sexo, e os servizos de rehabilitación existentes no territorio.
 - b) Organizar cursos de formación para profesorado, pediatras e profesionais da Atención Primaria en relación á detección de condutas adictivas e a actuación profesional a seguir.»

- 27080 (10/PNC-002089)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención ás persoas con dano cerebral adquirido

BOPG nº 272, do 07.03.2018

Sométese a votación por puntos co resultado que se reflicte a seguir:

Puntos 1 e 2 (votación conxunta): rexeitados por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Punto 3: aprobado pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a poñer en marcha unha estratexia galega de atención ás persoas con dano cerebral adquirido, para que contén de maneira integral con atención sanitaria, psicolóxica, de reinserción social e laboral, e que permita poñer en marcha estas medidas de forma coordinada entre todas as Administracións implicadas na atención ao colectivo. De xeito inmediato, procederá a garantir a atención en tempo e forma, sen listas de espera, para evitar secuelas derivadas das demoras na rehabilitación.»

- 27851 (10/PNC-002160)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o inicio pola Xunta de Galicia, antes do ano 2020, da construción dunha residencia pública para persoas maiores asistidas no concello da Estrada

BOPG nº 280, do 21.03.2018

Sométese a votación a transacción coa autoemenda do G. P. de En Marea, doc. núm. 29229, e as emendas dos GG. PP. Popular de Galicia, doc. núm. 29257, e do Bloque Nacionalista Galego, doc. núm. 29263, e resulta aprobada pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

— Estudar, antes de final do ano 2018, as necesidades presentes e futuras de prazas públicas en residencias de maiores no concello da Estrada e na comarca de Tabeirós-Terra de Montes, para acoller unha nova residencia na mellor localización posible, estudando as posibilidades de edificios públicos existentes, e remitir ao Concello da Estrada o resultado do dito informe.

— Iniciar, antes de 2020, co compromiso da Xunta de Galicia, a dotación de prazas públicas suficientes en residencias de maiores para acoller a demanda presente e futura na Estrada e na comarca de Tabeirós-Terra de Montes, comprometéndose coa petición unánime do Concello da Estrada da necesidade dunha residencia pública no municipio.»

Rexeitamento da iniciativa

- 26416 (10/PNC-002041)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre a axilización polo Goberno galego da construción do novo centro de saúde de Poio e a súa dotación dos medios humanos e materiais necesarios, así como sobre o mantemento e a mellora da atención sanitaria que se está a prestar nos consultorios periféricos de Raxó e Combarro

BOPG nº 267, do 27.02.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 27686 (10/PNC-002147)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela dos medios humanos e materiais necesarios demandados polo persoal do centro

BOPG nº 280, do 21.03.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

1.3.7.1. Declaracións institucionais

Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 11 de abril de 2018, con motivo da celebración do Día Internacional do Pobo Xitano.

O Pleno da Cámara, na súa sesión do día 11 de abril de 2018, adoptou, por asentimento, o seguinte acordo:

Declaración institucional con motivo do Día Internacional do Pobo Xitano.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia, como cada 8 de abril, súmase á celebración do Día Internacional do Pobo Xitano. Unha data que lembra o Congreso Mundial Xitano celebrado en Londres o 8 de abril de 1971 no que se instituíron a bandeira e o himno xitano, símbolos dunha identidade cunha historia e cultura propias. Un bo momento para a homenaxe e o recordo a todas aquelas vítimas xitanas dunha longa historia de exclusión, rexeitamento e persecucións. Un bo momento para lembrar ás nosas sociedades que o pobo xitano segue a vivir hoxe en día, en España e en Europa, unha cidadanía *de segunda*.

A pesar dos avances sociais que se produciron nas últimas décadas, e a pesar dos pasos que se deron máis recentemente no recoñecemento institucional da comunidade xitana, os xitanos e xitanas seguen vivindo situacións de grave desigualdade, exclusión e segregación, respecto ao conxunto da cidadanía; continúan sendo o grupo social máis discriminado, tanto en España coma na Unión Europea; e continúan excluídos dos procesos de participación social dos que goza o resto de cidadáns e cidadás en sociedades coma as nosas. Desde os poderes públicos moitas veces téñense dado respostas parciais, sectoriais e curtopracistas a unha realidade que non ten en conta o valor da diversidade cultural e que non a recoñece como factor de desenvolvemento na sociedade. Falta abordar a cuestión xitana desde unha perspectiva integral de recoñecemento cultural, de dereitos e de cidadanía.

Fronte á persistente brecha de desigualdade que sofren as persoas xitanas no acceso e no gozo de dereitos sociais básicos, como o dereito a unha vivenda digna, o dereito á educación, ou a un traballo e a unhas condicións laborais equitativas e satisfactorias, cómpren políticas que realmente protexan, promovan e defendan dereitos, tamén das minorías e dos grupos socialmente máis desfavorecidos. Fronte ao crecente rexeitamento ao diferente e a discursos excluíntes que promoven prexuízos e estereotipos negativos e incitan á discriminación e ao discurso de odio cara a determinados grupos, como as persoas xitanas, fai falta máis educación, máis sensibilización e máis aplicación da lexislación que garanta a promoción da igualdade e o dereito á non-discriminación. Fronte a dinámicas sociais que exclúen ou invisibilizan sistematicamente as persoas xitanas de procesos de participación cidadá e de recoñecemento cultural, fan falta políticas que favorezan espazos e canles de participación de persoas e grupos con identidades culturais plurais e diversas.

Para garantir o exercicio da plena cidadanía da comunidade xitana desde o recoñecemento á súa identidade cultural, é necesario, polo tanto, avanzar en paralelo en tres direccións: o acceso e o gozo en igualdade de condicións dos dereitos sociais; a protección fronte á vulneración do dereito á non-discriminación; así como o recoñecemento institucional da súa identidade cultural e a promoción da súa participación nas distintas esferas da sociedade, como cidadáns e cidadás, como xitanos e xitanas, poñendo en valor a súa identidade cultural e as achegas que ao longo da historia fixeron á sociedade.

O *Día Internacional do Pobo Xitano*, aínda sen ser recoñecido oficialmente en España, celébrase cada vez máis en pobos e cidades pola implicación e o compromiso de numerosas administracións, entidades e institucións, que recoñecen o pobo xitano como parte inherente da nosa sociedade. É un bo momento, polo tanto, para reivindicarmos a diversidade cultural e o valor que achegan as distintas identidades culturais, plurais, diversas e dinámicas, que, como a xitana, conforman a nosa sociedade.

Pero tamén é bo momento para pedirmos o apoio dos poderes públicos e a solidariedade da sociedade para avanzar, como o están facendo outros grupos ou colectivos máis activos ou con maiores apoios na sociedade, cara ao recoñecemento duns dereitos económicos, sociais e culturais que permitan aos xitanos e xitanas non só melloraren as súas condicións de vida, senón seren parte activa da cidadanía».

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular

Admisión a trámite e publicación

- 28945 (10/PDC-000015)

Sobre o número de investigacións de incompatibilidades de funcionarios públicos realizadas pola Xunta de Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 3 de abril de 2018, tivo coñecemento do escrito 28258 (10/VUDE-000008 e 10/PDC-000014), polo que se formulaba unha petición relativa ao control das incompatibilidades no sector público e, ademais, que formulaba unha pregunta de iniciativa popular sobre o mesmo tema, e acordou solicitarlle a súa reformulación para que concretase o interrogante conforme o preceptuado nos artigos 153.2 e 155.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Reformulada a pregunta no escrito doc. núm. 28945, a Mesa acorda:

1º. A admisión a trámite do doc. núm. 28945 e a cualificación como pregunta de iniciativa popular.

2º. A súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. De conformidade co previsto no Regulamento do Parlamento e no artigo 17, apartado terceiro, da Lei 7/ 2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, os deputados e deputadas poden asumir como propias e convertelas en preguntas con resposta escrita ou oral no prazo de 15 días hábiles, incluídos os sábados, a partir do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Así, a través do Rexistro Electrónico, aberto as 24 horas do día, poderá producirse a asunción dende as 00.00 horas de inicio do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial* da Cámara. Tal e como prevé o artigo citado, de seren varios os deputados ou deputadas que manifesten a súa asunción, será asignada a pregunta ao primeiro que o solicite.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



DIGITAL SIGNATURE CERTIFICATE

G70321807

 Firmado digitalmente por 32413124Y MIGUEL ANGEL DELGADO (R: G70321807)
 Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=Ref:AEAT/AEAT0143/ PUESTO 1/19318/08072016113903,
 serialNumber=IDCES-32413124Y, givenName=MIGUEL ANGEL,
 sn=DELGADO GONZALEZ, cn=32413124Y MIGUEL ANGEL DELGADO (R: G70321807), 2.5.4.97=VATES-G70321807, o=ASOCIACION PLATAFORMA EN DEFENSA DEL SECTOR MARITIMO PESQUERO DE GALICIA, =ES
 Fecha: 2018.04.06 10:54:27 +02'00'

Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia

Inscrita en el Registro de la Xunta de Galicia R.L. 2012/016402 Nif G-70321807 Impreso D.L.: C 47-2015

Excelentísimo Sr Vicepresidente del Parlamento de Galicia
Diego Calvo Pouso

presidencia@parlamentodegalicia.gal Rúa do Hórreo, 63 Santiago de Compostela CP: 15701 Tel.: 981 551 300 Fax: 981 551 408

<http://www.es.parlamentodegalicia.es/sitios/web/web2/ParticipacionCidada/PreguntasGobierno.aspx>

ASUNTO. TRÁMITE DE AUDIENCIA-OFICIO Expediente rexistrado na data 21/03/2018 13:14 co número de rexistro 28258 y oficio notificado el 6-4-2018 con número de salida 8537 del 3 de Abril de 2018

Presidente de la Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia, Nº de Registro 2012/016402, Nif : G-70321807, asociación no lucrativa, comparecen a través del presente escrito y como mejor proceda DICEN:

Que notificado el oficio de su referencia que damos por reproducido, le comunicamos que, dado el "fracasado sistema informático y telemático del que constan sobrados indicios" ya teníamos realizada la misiva, por lo que volvemos a realizar dando conformidad a su petición ALERTANDO QUE LA MISISVA ESTA PROVOCANDO DILACIONES INDEBIDAS sobre nuestros derechos como ciudadanos, en la creencia de que nos e van volver a repetir ajustamos la petición:

PREGUNTA;

1.- ¿ A Oficina de incompatibilidades, Función Pública e de conflictos de intereses dos funcionarios da Xunta fixo algunha investigación nas últimas datas sobre algún funcionario sobre a súa compatibilidade e cal foi o resultado ?

2.- ¿ A Oficina de incompatibilidades, Función Pública e de conflictos de intereses dos funcionarios da Xunta cantos expedientes de incompatibilidades ten confirmados dende a súa creación ?


Que tenga por presentado este escrito, lo acepte y se sirva ..., ordenar abrir expediente en el que se resuelva conforme a derecho y si es conforme se ordene el traslado inmediato y urgente a esta entidad de la dictada resolución. Es justicia que pedimos en Lugar a fecha del registro.

Acerca de: PLADESEMAPESGA - Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia, es una asociación no lucrativa, Nif: G-70321807 - Registro 2012/016402. Cuya presencia en Internet queda reflejada en: www.pladesemapesga.com y info@pladesemapesga.com.

Miembro del Grupo de Interés del Mercado Nacional de los Mercados y la Competencia
<https://rgi.cnmec.es/gruposdeinteres/pladesemapesga-plataforma-en-defensa-del-sector-maritimo-pesquero-de-galicia>

La Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia esta adherida a la Plataforma X la Honestidad
<http://plataformaxlahonestidad.es/adhesiones/pladesemapesga>

AyTP. Equipo Multidisciplinar e Acción y Transparencia Pública de PLADESEMAPESGA
<http://plataformaxlahonestidad.es/adhesiones/aytp>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727